



A Comisión de Selección do programa de mobilidade Erasmus, na súa sesión de 16 de xaneiro de 2011 **ACORDOU:**

1. Tendo en conta o disposto no punto 5.2 da convocatoria Erasmus para o curso 2012-2013, na que se regula a primeira fase do proceso de selección do alumnado, os estudantes deben acreditar os seus coñecementos lingüísticos, ben cunha cualificación de Apto/a nas probas que avalía o Centro de Linguas Modernas, ou ben cos certificados oficiais que se indican na propia convocatoria. Neste último caso, o coñecemento de idioma será cualificado do seguinte xeito:
 - a. certificados que acrediten un nivel B1: 5 puntos
 - b. certificados que acrediten un nivel B2: 6,66
 - c. certificados que acrediten un nivel C1: 8.33
 - d. certificados que acrediten un nivel C2: 10

Elaborarase un listado ordenada pola media entre a nota do expediente e a nota de lingua, na que Apto/a=5

2. Tendo en conta o disposto no punto 5.3 da convocatoria, os centros poderán excluír da selección por motivos académicos, a un máximo do 10% dos candidatos que teñan demostrado o nivel de idioma recomendado. Neste centro excluíranse aos aspirantes cuxa valoración de expediente sexa máis baixa ata ese 10%, agás que a súa nota media sexa igual ou superior a 4, en cuxo caso serían admitidos.
3. Segundo o Regulamento de Intercambios, os acordos de estudos pódense modificar durante un prazo de un mes desde que o alumno se incorpora á Universidade de destino. Excepcionalmente permitirase ampliar este prazo sempre e cando nunca se supere a data do 30 de abril como límite para tramitar na USC esa modificación.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2012

O responsable académico de mobilidade

Alejandro Ballesteros Ron

